



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ
BALNEARIO

**BASES PARA A FORMACION DUNHA BOLSA DE EMPREGO NA CATEGORÍA DE
TÉCNICO/A DE TURISMO:**

1.- OBXECTO:

A convocatoria ten por obxecto constituír unha bolsa de emprego para a contratación laboral temporal de persoal técnico de turismo do Concello de Mondariz Balneario cando conorra algunha das seguintes circunstancias:

- Necesidades do Servizo, por financiamento obtido para contratación de técnico de turismo.
- Incapacidade temporal para cubrir baixas por enfermidade.
- Permiso por maternidade ou paternidade.
- Uso do período de vacacións ou permiso por asuntos propios.
- Licenza por asuntos propios.

O cesamento do persoal laboral temporal producirase, ademais de polas causas que determinan a perda da condición traballador da administración pública, cando conorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Finalización da causa que deu lugar ao seu nomeamento.
- b) Amortización do posto que ocupe.
- c) Transcurso do prazo máximo de duración do nomeamento.
- d) Incumprimento sobrevido dos requisitos esixidos para o desempeño do posto.

A través desta convocatoria preténdese seleccionar ó persoal que integrará a bolsa de emprego así como regular a cobertura dos postos ofertados cando conorra algunha das causas sinaladas no apartado anterior. En todo caso, estas contratacións estarán supeditadas ás limitacións establecidas na Lei de orzamentos xerais do Estado de cada ano e á existencia de consignación económica no orzamento.

A presente bolsa estará en vigor até que se celebre proceso selectivo para a cobertura en propiedade de prazas de técnico de turismo ou até a creación dunha nova bolsa de emprego na devandita categoría.

2.- FUNCIONS: Serán funcións propias da persoa contratada a realización de tarefas de información e promoción turística.

3.- RETRIBUCIÓNS: As retribucións do posto de traballo serán as establecidas no convenio colectivo de oficinas e despachos da provincia de Pontevedra.





CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

4.- SOLICITUDES: As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo convocado deberán facelo constar mediante unha instancia dirixida ó Alcalde presidente do Concello de Mondariz Balneario. A instancia conterá, polo menos, os datos persoais da persoa solicitante co seu enderezo, teléfono e dirección de correo electrónico, achegándolle unha fotocopia autenticada do documento nacional de identidade e o currículo.

Para seren admitidos/as nestas probas selectivas os/as aspirantes deberán manifestar nas súas solicitudes de participación que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na data en que expire o prazo de presentación. No rexistro xeral do Concello facilitaráselles ás persoas interesadas o modelo de solicitude para participar no proceso selectivo.

O prazo para presentaren as solicitudes será de dez días naturais contados a partir da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

A presentación de solicitudes poderá facerse ben no rexistro xeral do Concello, ben en calquera das formas establecidas no art. 38.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de correos antes de seren certificadas.

Os e as aspirantes quedan vinculados ós datos que consten na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

Os/as aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na súa solicitude e, no seu caso, solicitarán as posibles adaptacións de medios para realizar a entrevista.

5.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES: Para ser admitidos/as a tomar parte na convocatoria abondará con que os e as aspirantes manifesten nas súas instancias que reúnen todas e cada unha das seguintes condicións:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, respecto do acceso ó emprego público de nacionais doutros estados.

b) Ter cumpridos os 16 de idade.

c) Non atoparse incurso/a nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar co Concello.





CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

d) Estar en posesión do título de técnico superior en información e comercialización turística, técnico superior en guía, información e asistencia turística, técnico en empresa e actividades turísticas ou grao ou diplomado en turismo.

e) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións.

f) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo da Administración do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio público.

6.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES: Finalizado o prazo para presentar as solicitudes, o Alcalde presidente ditará resolución declarando aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, especificando, no seu caso, os motivos de exclusión, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello de Mondariz Balneario.

Os/as aspirantes excluídos/as disporán dun prazo de tres días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación da resolución, para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a exclusión. No suposto de producirse reclamacións deberá ditarse unha nova resolución estimándoa ou desestimándoa coa publicación da lista definitiva no taboleiro de anuncios.

O feito de figurar incluído/a na relación de persoas admitidas non prexulga que se lles recoñeza ós/ás interesados/as que posúen os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificadas documentalmente no suposto de que os/as aspirantes admitidos/as superen o proceso selectivo.

7.- TRIBUNAL: O tribunal que desenvolverá o proceso selectivo será nomeado por resolución de Alcaldía segundo o disposto no art. 4, parágrafos e) e f) do Real decreto 896/91, do 7 de xuño, así como artigo 60 da citada Lei 7/2007, do 12 de abril. Estará integrado por ao menos cinco membros titulares e cinco suplentes, sendo a súa composición a seguinte: presidente/a, secretario/a e ao menos tres vogais.

Na súa composición tenderase á paridade entre homes e mulleres. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

Non poderán formar parte dos tribunais as persoas de elección ou designación política, o persoal funcionario interino e o persoal eventual.





CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

A Alcaldía Presidencia, antes de que teña lugar a selección, publicará no taboleiro de anuncios da corporación e na súa páxina web a resolución pola que se nomean os membros titulares e suplentes dos tribunais cualificadores.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle ó presidente cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

O tribunal cualificador deberá constituírse na data que designe o Alcalde presidente, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes. Os tribunais cualificadores adoptarán as medidas precisas naqueles casos que resulte necesario para que as persoas aspirantes con discapacidade gocen de similares condicións para realizaren os exercicios cás do resto das demais persoas aspirantes, dispoñendo, no seu caso, as posibles adaptacións de tempo e de medios.

No caso de ausencia do/a presidente/a titular e do/a presidente/a suplente actuará no seu lugar o/a vogal designado/a en primeira orde. Os membros do tribunal que asistan ás sesións percibirán as axudas de custo pola súa asistencia segundo a contía legalmente establecida.

8.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO: O procedemento de selección dos/as aspirantes será o de concurso oposición. Realizaranse as seguintes actuacións:

- A) Valoración dos méritos alegados polas persoas aspirantes. Valorarase a experiencia profesional con independencia do ámbito no que fose adquirida e referida a funcións e tarefas do posto de traballo que pretende cubrirse. Así mesmo valorarase a formación profesional e académica dos/as solicitantes. Os méritos alegados valoraranse de 0 a 6 puntos.
- B) Realización de entrevista persoal, na que se formularán ós e ás aspirantes diferentes cuestións para valorar o grado de adecuación ó posto de traballo ofertado e o grado de coñecemento dos recursos turísticos de Mondariz Balneario. Valorase de 0 a 4 puntos. Os e as aspirantes convocaranse para a realización da entrevista nun único chamamento, quedando decaídos no seu dereito os e as aspirantes que non comparezan. As persoas aspirantes deberán presentarse a entrevista provistas do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal.

9.- RELACIÓN DE APROBADOS/AS: Rematado o concurso o tribunal fará pública a relación dos e das aspirantes que superan o proceso selectivo. O Tribunal non poderá formular proposta de nomeamento máis que a favor dos/das aspirantes con maior puntuación, ata o número de prazas que se convocan.





CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

10.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS: Os/as aspirantes aprobados/as deberán presentar na Secretaría da Corporación a acreditación do cumprimento dos requisitos requiridos para tomar parte no proceso selectivo.

11.- CONDICIÓN LABORAIS: As condicións laborais serán as establecidas no Estatuto dos traballadores e demais lexislación que o desenvolve.

12.— COMPOSICIÓN E FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO.

A.- APROBACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO

Sumadas as puntuacións totais, o tribunal confeccionará a bolsa de emprego por orde de maior a menor puntuación segundo o posto de traballo ofertado. Esta será sometida á aprobación do presidente para a súa publicación, coñecemento das persoas interesadas e demais efectos legais.

A contratación de persoal para cada un dos postos de traballo ofertados efectuarase seguindo a orde de puntuación establecida na bolsa de emprego.

B.- VIXENCIA DA BOLSA

A bolsa de emprego terá unha duración de tres anos, e poderá prorrogarse coa incorporación de novos/as candidatos/as mediante convocatoria pública.

C.- FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO

Cando se deba proceder a unha contratación temporal ofertaráselle o posto de traballo á primeira persoa aspirante da lista, por teléfono e correo electrónico; daráselle un prazo de 48 horas para que acepte ou renuncie ó posto ofertado. De non responder ó teléfono ou correo electrónico sobreenténdese que renuncia ó posto e poderá efectuarse o chamamento ó/á seguinte candidato/a da lista.

D.- SITUACIÓN NAS LISTAS

Os/as integrantes das listas estarán en situación de “dispoñibles”, cando sexan susceptibles de recibir o chamamento ou oferta para a súa contratación.

Encontraránse na situación de “contratados/as” cando se atopen prestando servizos efectivos no Concello de Mondariz Balneario, ao abeiro da presente bolsa ou doutra distinta. Finalizada a vixencia do correspondente contrato, a persoa en activo pasará novamente á situación de “dispoñible”, mantendo a súa posición ordinal inicial na bolsa de orixe.

Os/as integrantes das listas que, ó seren convocados para facer efectiva a súa contratación, non se presentasen ou renunciaren a esta, perderán os seus dereitos e quedarán excluídos/as das listas durante un ano; unha vez transcorrido este prazo poderán solicitar de novo a súa inscrición. A mesma consecuencia terá a renuncia á continuidade no desempeño





CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

dun posto de traballo.

Esta sanción non será aplicable nos seguintes supostos:

- Períodos de embarazo, maternidade ou situacións asimiladas.
- Situación de baixa por incapacidade temporal
- Por outras causas de carácter excepcional que así o determine o tribunal
- No caso de renuncia á oferta ou ó contrato de traballo farase constar na bolsa de emprego a súa situación.

E.- CONTRATACIÓN

A Resolución da Alcaldía terá carácter vinculante para a formalización dos contratos laborais de duración determinada que correspondan.

F.- CONTROL DO ESTADO DAS LISTAS

O estado das listas poderase consultar en calquera momento nas oficinas do Concello.

G.- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

As bases desta convocatoria vinculan ó Concello, ó tribunal cualificador e ós/ás aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

13.- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES: As bases desta convocatoria vinculan ó Concello de Mondariz Balneario, ó tribunal cualificador e ás persoas aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

14.- IMPUGNACIÓNS E RECLAMACIÓNS: A presente convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven destas, así como as actuacións do tribunal poderán ser impugnados polos/as interesados/as da forma legalmente prevista.

O Tribunal queda autorizado a resolver as dúbidas que puidesen presentarse ou toma-los acordos necesarios referidos á orde da celebración das probas.

No non previsto nas precedentes bases, rexerán como supletorias a lexislación básica do Estado na materia e a correspondente lexislación da Comunidade Autónoma de Galicia e demais disposicións obrigatorias.





CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

ANEXO I: BAREMO DE PUNTUACIÓN DE MÉRITOS

1. EXPERIENCIA LABORAL.

- a) Por servizos prestados en Oficinas de Turismo: 0,10 puntos por cada mes completo ou fracción superior a quince días. A puntuación máxima neste apartado non poderá superar 2 puntos.

A experiencia laboral na administración pública acreditarase coa certificación de servizos prestados da administración correspondente na que claramente consten as datas concretas de prestación de servizos a categoría profesional e na que se poida comprobar que as funcións e as tarefas realizadas corresponden coa praza convocada.

- b) Por experiencia laboral como técnico de turismo (Titulación esixida na bases): 0,20 puntos por mes. A puntuación máxima neste apartado non poderá superar 2 puntos.

A experiencia laboral acreditarase mediante: certificación de servizos prestados, vida laboral expedida pola Tesourería da Seguridade Social, contratos de traballo, contratos administrativos, documentación equivalente das empresas correspondentes, nas que claramente consten as datas concretas de prestación de servizos a categoría profesional e na que se poida comprobar que as funcións e as tarefas realizadas corresponden coa praza convocada.

2. FORMACIÓN.

- a) Por outros cursos de formación relacionados coa praza. A puntuación máxima neste apartado non poderá superar 2 puntos.

2.a.i. 0,10 puntos por cursos de formación de entre 50-100 horas.

2.a.ii. 0,15 puntos por cursos de formación de máis de 100 horas.

Os aspirantes presentarán conxuntamente coa instancia para tomar parte no proceso selectivo unha relación dos méritos que aleguen.

No referente a formación só se avaliarán aqueles cursos de formación impartidos por organismos da administración, entidades académicas ou entidades homologadas. Os diplomas ou certificados que acrediten a realización dos cursos deberán expresar a duración en horas, xornadas completas e expresar con suficiente claridade o seu contido.





CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ
BALNEARIO

En Mondariz Balneario, na data reflectida á marxe
O Alcalde. José Antonio Lorenzo Rodríguez

